



Secretaría  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

**DECRETO DE CONVOCATORIA DE SESIÓN DE ORGANIZACIÓN**

**Nº 683/2015**

ÓRGANO: **CONCELLO PLENO**  
TIPO DE SESIÓN: **EXTRAORDINARIA.**

De conformidade coas atribucións conferidas nos artigos 21.1.c) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, 61.1.c) da Lei galega 5/1997 de Administración Local e 41.4 e 77 e ss. do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Esta Alcaldía procede a convocar sesión EXTRAORDINARIA do Pleno a celebrar o vindeiro **18 de XUÑO**, ás **20:30** horas, no Salón de Plenos da Casa do Concello.

A Orde do Día é a que segue:

**A) PARTE RESOLUTORIA E ÚNICA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA PLENARIA DE CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN E DE ELECCIÓN, CELEBRADA O 13 DE XUÑO DE 2015.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA.

6º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NO RURAL, CULTURA (INCLUÍNDO NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA) E MEDIO AMBIENTE.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE FACENDA, ORGANIZACIÓN E PERSOAL

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE ACOMPAÑADO



Secretaría  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E EDUCACIÓN.

9º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN COMO DE DEDICACIÓN PARCIAL DO CARGO DE CONCELLEIRO ACOMPAÑADO DA DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DAS ÁREAS DE EVENTOS, MERCADOS E COORDINACIÓN DAS BRIGADAS DE MANTEMENTO DE OBRAS E SERVIZOS.

10º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE INDEMNIZACIÓNS PARA OS VOCEIROS DOS GRUPOS MUNICIPAIS CON REPRESENTACIÓN POLÍTICA.

11º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DO PERSOAL EVENTUAL DO CONCELLO.

12º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DOS REPRESENTANTES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES.

13º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS DA ESTRADA.

14º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE VOCAIS NO PADROADO DA FUNDACIÓN CULTURAL DA ESTRADA

#### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

15º.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

16º.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DESIGNANDO OS TENENTES DE ALCALDE.

17º.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS EN CONCELLEIROS.

18º.-DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

A Estrada, 15 de xuño de 2015

O ALCALDE,

Vº, A SECRETARIA,

Asdo.: José C. López Campos

Asdo.: Lucía Artime Alonso